



AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19

1. A qué persoas vai dirixido?

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta **a condición de gratuíto e do que por renda familiar resulta pagador dun euro** nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

E dicir, a familias que durante o curso escolar pagan 0 euros polo comedor, ou 1€ polo mesmo.

2. En qué consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha **compensación do custo diario do menú por comensal**, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e **polos días de lectivos de suspensión da prestación do servizo** como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

E dicir, axúdase economicamente a mantención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.

3. Qué axuda se vai a percibir?

(2,50 €) no casos de alumnado gratuidade total
(1,50 €) para o alumnado que paga 1€

4. Qué días cubre esta axuda?

Marzo: dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.

Abril: dende o 1 ó 3 de abril: en total só 3 días.

Prórroga: si se prolonga outros 15 días cubriría (días lectivos) ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. *Cómo se vai a pagar?*

En dous pagamentos.

1 pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2 pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.

6. *Quen son os beneficiarios?*

Familias que cumpren os requisitos económicos (punto 2) cun ou máis fillos escolarizados en centros educativos ó cargo da Consellería de Educación.

7. *Cómo presentar a solicitude e qué prazo hai?*

Prazo: dende o día 31 de marzo o 6 de abril, ambos inclusive.

Presentación: Forma electrónica sempre, de dúas formas:

1. Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para elo é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.

2. Dirección do centro: enviando un correo electrónico a ceip.sanclodio@edu.xunta.es cos seguintes datos:

Indicando os seguintes datos:

ASUNTO: Nome do fill@s aos que se lle queren pedir a axuda

No Email: debes indicarme

- **Datos Persoais da Persoa Solicitante** (proxenitor/a). Indicando o nome completo DNI do pai ou nai, enderezo, teléfono móbil e correo electrónico, por se administración tivese que por se en contacto con vos.
- **Condición de Pagamento:** gratuidade total ou abono de 1€.
- **DATOS BANCARIOS** (nº de conta do que a persoa solicitante sexa TITULAR).
- **Nome e Apelidos dos fill@s** aos que se lle pide a axuda.

8. Publicítase a resolución das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será exposto publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 d xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

9. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

10. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?

5 días dende que salga a resolución.

Salvo casos excepcionais que xa me comunicaron por teléfono, prefiro que me mandeis un email cos datos porque son datos moi sensibles e o medio máis seguro co que contamos e co email do colexio.

Se tedes algún problema, tedes o meu teléfono comunicádevos comigo e intentamos buscar unha solución.

Recordade que eu solo son un medio para pedirvos a axuda, eu non teño medios para saber se a presentades electrónicamente vos mesmos ou se non a queredes solicitar, polo que entendo que senón vos comunicades comigo sería algún deses dous casos.

A dirección do CEIP San Clodio

Asdo. Laura Vázquez López